



Concello de Cuntis

BANDO

D. MANUEL CAMPOS VELAY, ALCALDE DO CONCELLO DE CUNTIS,

FAI SABER:

Que o 5 de xuño ábrese o prazo de inscrición para anotarse no programa Cuntilín Verán 2019. Este prazo permanecerá aberto ata o 20 de xuño. O día 21 darase a coñecer o listado de admitidxs.

Cuntilín Verán está destinado a menores en idade escolar e abarca o período vacacional estival comprendido entre o 25 de xuño e o 10 de setembro de 2019, ambos inclusive, permanecendo aberto todos os días hábiles, de luns a venres en horario de 9:00 a 14:00 nas instalacións do CPI Aurelio Marcelino Rey García excepto os días 16 e 19 de agosto que estará pechado por motivo Festas Patronais de Cuntis .

As solicitudes deberán presentarse no Rexistro do Concello de Cuntis ou a través da Sede electrónica: <https://concellodecuntis.sedelectronica.gal>

Xunto co impreso de solicitude, que se pode recoller nas dependencias municipais ou descargar a través da páxina web do concello (<http://concellodecuntis.es>), ou na propia Sede electrónica <https://concellodecuntis.sedelectronica.gal/dossier.2> (“catálogo de trámites”), deberase presentar a seguinte documentación:

1. Volante de empadramento
2. Acreditar mediante contratos, certificados de empresa, etc., a necesidade de conciliación
3. Xustificante de matrícula do curso académico 2018/19
4. Xustificante de familia numerosa ou familia monoparental, se é o caso
5. Informe da traballadora social ou educadora familiar no caso de presentar necesidades sociais e/ou educativas que recomenden a participación no programa

Mais información en:

- Departamento de Igualdade e Benestar Social, telf. 986548005 (ext.1032)/ 986185723
- Correo electrónico: educacionfamiliar@concellodecuntis.es

PRAZAS LÍMITADAS